

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño durante o curso 2011-2012.

A Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regula o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, establece o proceso de admisión para quen non reúna os requisitos académicos establecidos con carácter xeral e para aquelas persoas que, reunindo os requisitos académicos, deben superar a proba específica definida na mesma orde, e autoriza a dirección xeral competente en materia de ensinanzas de réxime especial, na súa disposición derradeira primeira, para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento do previsto nesa orde.

Na súa virtude, esta dirección xeral resolve convocar as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2011-2012 que se rexerán polas seguintes instrucións:

Primeiro. *Modalidades de acceso.*

1. Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio.

Terá acceso ás ensinanzas de artes plásticas e deseño de grao medio o alumnado que cumpra calquera dos seguintes requisitos:

- a) Dispor do título de graduado en educación secundaria, ou equivalente para efectos académicos, e superar unha proba específica.
- b) O alumnado que non dispoña do título de graduado en educación secundaria, ou equivalente para efectos académicos, deberá ter cumpridos os dezasete anos e superar a proba de madurez que se establece no anexo III desta resolución, ademais da correspondente proba específica.
- c) A proba de madurez poderase substituír pola proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, pola proba de madurez a ciclos formativos de grao medio de formación profesional ou pola proba de madurez de grao medio de ensinanzas deportivas.

2. Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior.

Terá acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior o alumnado que cumpra calquera dos seguintes requisitos:

- a) Dispor do título de bacharel, ou equivalente para efectos académicos, e superar unha proba específica.

b) O alumnado que non dispoña do título de bacharel, ou equivalente para efectos académicos, deberá ter cumpridos os dezanove anos e superar a proba de madurez que se establece no anexo III desta resolución, ademais da correspondente proba específica.

c) A proba de madurez poderase substituír pola proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, pola proba de madurez a ciclos formativos de grao superior de formación profesional ou pola proba de madurez de grao superior de ensinanzas deportivas.

Tanto nun como noutro caso, a idade mínima establecida deberá cumprirse dentro do ano natural de realización da proba.

Aquelas persoas que teñan pendentes algunha materia de bacharelato ou ESO poderán presentarse á proba de acceso, ben que no momento de formalizar a matrícula no prazo extraordinario, no mes de setembro, deberán acreditar que están en posesión da titulación requirida. En calquera caso poderán presentarse á proba de madurez.

3. Acceso directo.

3.1. Estarán exentos de realizar a proba específica de acceso ao grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño:

a) Quen estea en posesión dun título de técnico ou técnico superior de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursar ou título declarado equivalente.

b) Quen teña superados os cursos comúns de artes aplicadas e oficios artísticos dos plans de estudos establecidos polo Decreto 2127/1963, do 24 de xullo, os establecidos con carácter experimental ao abeiro do Real decreto 799/1984, do 28 de marzo, sobre regulación de experiencias en centros de ensinanzas artísticas, así como polo Real decreto 942/1986, do 9 de maio, polo que se establecen normas xerais para a realización de experimentacións educativas en centros docentes.

3.2. Estarán exentos de realizar a proba específica de acceso ao grao superior de ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño:

a) Quen estea en posesión dun título de técnico superior de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursar ou título declarado equivalente.

3.3. Estarán exentos de realizar a proba específica de acceso aos graos medio e superior das ensinanzas de artes plásticas e deseño, quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- a) Título de bacharel, modalidade de artes, ou de bacharelato experimental.
- b) Título superior de artes plásticas e/ou título superior de deseño, nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.
- c) Título superior de conservación e restauración de bens culturais, nas súas diferentes especialidades.
- d) Licenciatura en belas artes.
- e) Arquitectura.
- f) Enxeñaría técnica en deseño industrial.

3.4. Así mesmo, estarán exentos e exentas de realizar a proba específica de acceso ao grao medio e superior de artes plásticas e deseño, quen acredite ter experiencia laboral de, polo menos, un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo a que se queira acceder, achegando a seguinte documentación:

–Certificación da empresa onde adquiriu a experiencia laboral, en que conste a natureza concreta da actividade realizada.

Segundo. *Inscripción para as probas.*

1. A inscrición farase na secretaría das escolas públicas en que se impartan as correspondentes ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño no prazo comprendido desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG ata o día 23 de xuño para os ciclos superiores, e ata o 15 de xullo para os ciclos medios. Para tal fin, as escolas de arte e superiores de deseño deberán expor nos seus taboeiros de anuncios a seguinte información:

- a) Normativa reguladora de admisión do alumnado.
- b) Prazas que oferten nos diferentes ciclos que teñan autorizados.
- c) Calendario de publicación da relación de alumnado admitido, así como dos prazos para presentar reclamacións.
- d) Calendario e normas para formalizar a matrícula.

2. Para a formalización das solicitudes de admisión, as escolas de arte e superiores de deseño onde se impartan estas ensinanzas facilitaránlles ás persoas interesadas os modelos que se xuntan como anexos I e II a esta resolución. Unha vez cuberto, entregárase unha única instancia na secretaría da escola, xunto coa documentación que proceda, segundo o caso, para a acreditación dos datos consignados:

- Título de ESO ou bacharel, ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou libro de cualificacións de ESO ou de bacharelato, ou ben o certificado de estudos en que figuren as cualificacións das diferentes materias cursadas e ter realizado o depósito do correspondente título.
- Certificado da proba de acceso ao ciclo formativo, se fose o caso.
- Certificado da proba de madurez de ciclos formativos de grao medio de formación profesional ou ensinanzas deportivas, se fose o caso.

3. As persoas solicitantes da exención prevista no punto 5 do artigo 5 da Orde do 25 de xuño de 2007 xuntarán o certificado de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, onde conste a opción efectuada e a puntuación conseguida. A resolución sobre a exención correspóndelle ao tribunal avaliador.

4. As persoas que aleguen experiencia laboral xuntarán o documento acreditativo, emitido pola empresa correspondente.

5. O alumnado que deba realizar a proba de madurez farao constar no punto correspondente da inscrición. No caso de non superar esta proba, non será admitido na específica.

6. As escolas de arte e superiores de deseño onde se realice a inscrición remitirán o día 23 de xuño de 2011 á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a través de correo electrónico, a relación de persoas inscritas para realizar as probas de acceso, ordenadas alfabeticamente, con apelidos, nome e número do documento nacional de identidade, así como a proba ou probas a que se presenta, ciclos formativos da mesma familia profesional que se oferten na Comunidade Autónoma de Galicia, ordenados segundo a preferencia da persoa aspirante, se fose o caso, e escolas de arte e superiores de deseño de Galicia en que desexa cursar os seus estudos, ordenados segundo a preferencia da persoa aspirante.

7. A relación de persoas inscritas será exposta no taboleiro de anuncios da escola onde se realizara a inscrición o día 24 de xuño, así como no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es>

Terceiro. *Desenvolvemento das probas.*

a) Probas de acceso ao grao medio.

1. As probas de acceso ás ensinanzas de grao medio realizaranse nas escolas de arte e superiores de deseño en que se inscribiran os alumnos e alumnas nos días e horas que se indican a continuación:

1.1. Proba de madurez: 1 de setembro.

- Primeira parte: das 10.00 ás 13.00 horas.

Versará sobre as seguintes materias: lingua galega, lingua castelá, científico-tecnolóxico e sociocultural.

O alumnado seleccionará tres das devanditas materias e desenvolverá por escrito unha cuestión de entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas. O tempo máximo para responder ás cuestións de cada materia será de sesenta minutos.

- Segunda parte: das 16.30 ás 19.30 horas.

Versará sobre contidos relacionados coa educación plástica e visual.

1.2. Proba específica: 5 de setembro.

A proba específica realizarase segundo figura no anexo IV desta resolución e terá lugar en cada unha das escolas de arte e superiores de deseño, nas horas que se indican a continuación:

Primeiro exercicio: das 10.00 ás 11.00 horas.

Segundo exercicio: das 12.00 ás 14.00 horas.

Terceiro exercicio: das 17.00 ás 19.00 horas.

b) Ciclos de grao superior.

1. As probas de acceso ás ensinanzas de grao superior realizaránse na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo, en Santiago de Compostela, nos días e horas que se indican a continuación:

1.1. Proba de madurez: 28 de xuño.

A proba de madurez realizarase segundo figura no anexo III desta resolución e nas horas que se indican a continuación:

- Primeira parte: das 10.00 ás 13.00 horas.

Versará sobre as seguintes materias: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, lingua estranxeira (inglés ou francés), historia de España, historia da filosofía, filosofía e cidadanía, e ciencias para o mundo contemporáneo.

O alumnado seleccionará tres das devanditas materias e desenvolverá por escrito unha cuestión de entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas. O tempo máximo para a realización desta proba será de tres horas.

- Segunda parte: das 17.00 ás 18.00 horas.

Versará sobre contidos relacionados coa historia da arte.

1.2. Proba específica para todas as familias profesionais: día 7 de xullo.

A proba específica realizarase segundo figura no anexo IV desta resolución e nas horas que se indican a continuación:

Primeiro exercicio: das 10.00 ás 11.00 horas.

Segundo exercicio: das 12.00 ás 14.00 horas.

Terceiro exercicio: das 17.00 ás 19.00 horas.

2. Calquera posible variación sobre este calendario requirirá autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Cuarto. *Tribunais das probas.*

Os tribunais tomarán como criterios de avaliación os que se indican no anexos III e IV desta resolución.

a) Grao medio.

1. Para a administración das probas de grao medio constituirase unha comisión avaliadora por cada unha das escolas de arte e superiores de deseño, coa composición que figura no anexo V desta resolución.

A comisión avaliadora de cada escola de arte e superior de deseño é o órgano competente para resolver sobre a admisión do alumnado. Nos centros públicos, a dirección será a responsable do estrito cumprimento das normas xerais sobre a admisión do alumnado e correspóndelle ao consello escolar garantir o seu cumprimento. Nos centros autorizados de arte, as persoas titulares serán as responsables do estrito cumprimento das normas xerais sobre a admisión do alumnado e correspóndelle ao consello escolar garantir o seu cumprimento.

2. Unha vez concluído o proceso de admisión, cada comisión avaliadora publicará, o día 6 de setembro, a listaxe de persoas admitidas e non admitidas, en orde decrecente segundo a puntuación asignada. Contra a resolución das comisións avaliadoras, as persoas interesadas poderán presentar reclamacións segundo se establece no punto oitavo desta resolución.

b) Grao superior.

1. Para a administración das probas de grao superior constituirase unha comisión avaliadora, coa composición que figura no anexo V desta resolución.

A comisión constituirase de acordo co descrito nos respectivos decretos polos que se establecen os currículos das distintas familias profesionais.

2. Unha vez concluídas as probas de madurez a comisión publicará a listaxe de persoas admitidas e non admitidas o día 1 de xullo, ordenadas por puntuación e en orde decrecente.

3. Unha vez concluído o proceso de cualificación, a comisión publicará a listaxe de persoas admitidas e non admitidas, en cada ciclo formativo, o día 15 de xullo, ordenadas por puntuación e en orde decrecente; esta listaxe tamén se publicará no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo, a comisión tamén publicará a listaxe de persoas que están en lista de espera, se é o caso, e adxudicará as prazas segundo as vacantes de cada escola.

Quinto. *Criterios de selección de prazas.*

De acordo co disposto no artigo 6.3 da Orde de 25 de xuño de 2007, establécese a seguinte orde de preferencia entre as solicitudes de reserva establecidas no punto 6.1 da mesma orde:

1. Ensinanzas profesionais de grao medio.

1.1. Para os e as aspirantes que accedan directamente ao grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, cando non existan prazas suficientes, terá prioridade o alumnado que:

- a) Estea en posesión do título de bacharel, modalidade de artes, ou de bacharelato artístico experimental.
- b) Estea exento de realizar a proba específica de acceso ao grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño por experiencia laboral de, polo menos, un ano relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo formativo de grao medio e superior a que se queira acceder.
- c) Estea en posesión do título de técnico de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexe cursar ou teña superados os cursos de materias comúns de artes aplicadas e oficios artísticos.
- d) Estea en posesión do título de técnico superior de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursar ou título declarado equivalente.
- e) Estea en posesión do título superior de artes plásticas, título superior de deseño ou título superior de conservación e restauración de bens culturais, nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.
- f) Estea en posesión do título de arquitectura ou da licenciatura en belas artes.
- g) Estea en posesión do título de enxeñaría técnica en deseño industrial.

Dentro de cada unha das alíneas anteriores a prioridade das solicitudes virá determinada pola maior puntuación obtida como media aritmética das cualificacións acadadas nas diferentes materias dos estudos alegados para o ingreso no ciclo formativo, expresada con dous decimais. En caso de empate efectuarase por sorteo público.

1.2. Para os e as aspirantes que accedan mediante proba específica ao grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, a prioridade virá determinada por:

- a) Maior puntuación na proba específica.
- b) En caso de empate, por sorteo público.

1.3. Para os e as aspirantes que accedan mediante proba de acceso ao grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, a prioridade virá determinada por:

- a) Maior puntuación na proba de acceso. Para determinar a cualificación da proba de acceso non se terá en conta a parte que sexa obxecto de exención.
- b) En caso de empate, por sorteo público.

2. Ensinanzas profesionais de grao superior.

2.1. Para os e as aspirantes que accedan directamente ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, cando non existan prazas suficientes terá prioridade o alumnado que:

- a) Estea en posesión do título de bacharel, modalidade de artes, ou de bacharelato artístico experimental.
- b) Estea exenta de realizar a proba específica de acceso ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño por experiencia laboral de, polo menos, un ano relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo formativo de grao superior a que se queira acceder.
- c) Estea en posesión do título de técnico superior de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursar ou títulos declarados equivalentes.
- d) Estea en posesión do título superior de artes plásticas, título superior de deseño ou

título superior de conservación e restauración de bens culturais, nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.

- e) Estea en posesión do título de arquitectura ou da licenciatura en belas artes.
- f) Estea en posesión do título de enxeñaría técnica en deseño industrial.

Dentro de cada unha das alíneas anteriores a prioridade das solicitudes virá determinada pola maior puntuación obtida como media aritmética das cualificacións acadadas nas diferentes materias dos estudos alegados para o ingreso no ciclo formativo, expresada con dous decimais. En caso de empate, efectuarase por sorteo público.

2.2. Para os e as aspirantes que accedan mediante proba específica ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, a prioridade virá determinada por:

- a) Maior puntuación na proba específica.
- b) En caso de empate, por sorteo público.

2.3. Para os e as aspirantes que accedan mediante proba de acceso e madureza ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, a prioridade virá determinada por:

- a) Maior puntuación na proba de acceso. Para determinar a cualificación da proba de acceso non se terá en conta a parte que sexa obxecto de exención.
- b) En caso de empate, por sorteo público.

3. Para os efectos do cálculo da cualificación media do expediente académico das persoas que soliciten acceder aos ciclos formativos aplicaranse as seguintes equivalencias, agás que no seu expediente consten explícitamente as cualificacións numéricas das materias, en cuxo caso serán as que se teñan en conta:

- Suficiente/aprobado: 5,5.
- Ben: 6,5.
- Notable: 7,5.
- Sobresaliente/matrícula de honra: 9,0.

O resultado de aplicar a táboa de equivalencias indicada anteriormente expresarase coa media aritmética das diferentes materias que integran os cursos dos respectivos plans de estudo, con dúas cifras decimais.

Para determinar a media do expediente académico non se considerarán as materias ou áreas que o alumnado teña validadas ou nas cales estivese exento.

4. En cada escola de arte e superior de deseño ofertaranse as prazas dispoñibles para cada módulo solto da oferta modular das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño. As condicións, criterios e probas de acceso serán as mesmas que as reguladas para os ciclos formativos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, segundo o establecido nesta resolución. No caso de quedaren prazas vacantes unha vez resolto o proceso de admisión, as ditas vacantes poderán ser ofertadas ao alumnado que non curse ensinanzas regradas, a través dos cursos monográficos que oferte a escola. Neste caso as prazas cubriranse por estrita orde de chegada, e o alumnado poderá obter unha certificación de capacidades.

Sexto. Relación de persoas admitidas.

a) Grao medio.

As escolas de artes e superiores de deseño farán pública, o día 6 de setembro, a resolución de persoas admitidas e a adxudicación de prazas.

b) Grao superior.

A relación de persoas aprobadas será exposta nos taboleiros de anuncios das escolas o día 15 de xullo, asemade tamén se publicarán a través do portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sétimo. Reclamacións e recursos.

1. Os acordos e decisións sobre a admisión do alumnado realizados pola comisión avaliadora, poderán ser obxecto de reclamación, ante o mesmo órgano que os ditou, no prazo de cinco días hábiles. Estes órganos deberán resolver as reclamacións no prazo de cinco días hábiles.

2. Contra as resolucións das reclamacións emitidas pola comisión, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada nos termos que figuran no artigo 16 da Orde do 25 de xuño de 2007.

Oitavo. Matrícula e constitución de grupos de ciclos formativos.

1. O alumnado que obteña praza, adxudicada por resolución das comisións avaliadoras, deberá formalizar a súa matrícula entre os seguintes días:

–Grao medio: do 7 ao 10 de setembro de 2011, ambos os dous inclusive.

–Grao superior: do 19 ao 27 de xullo de 2011, ambos os dous inclusive.

2. Para a formalización das solicitudes de matrícula as escolas facilitaranlles ás persoas interesadas o modelo que se xunta como anexo I e II a esta resolución. Unha vez cuberto, entregárase unha única instancia na secretaría da escola, que se xuntará á documentación xa presentada. A non formalización de matrícula no prazo estipulado, salvo causas debidamente xustificadas, implicará a perda do dereito a acceder a estas ensinanzas no curso 2011-2012.

3. Aquelas persoas que, téndose presentado á proba de acceso, tiñan pendente algunha das materias de bacharelato ou ESO, deberán acreditar a súa superación no momento de formalizar a matrícula, entre os días 7 e 13 de setembro de 2011.

4. Para a correcta asignación de prazas o tribunal terá en conta criterios de admisión establecidos na Orde do 25 de xuño de 2007.

5. Para cada ciclo formativo constituirase, con carácter xeral, un único grupo de alumnos e alumnas por escola. O número de alumnos e alumnas de cada grupo dependerá das características pedagóxico-didácticas e das posibilidades das instalacións e medios de cada ciclo e escola en particular e non deberá superar en ningún caso os 30 alumnos e alumnas, non cuantificándose para estes efectos o alumnado repetidor. Calquera modificación deste límite requirirá autorización previa e expresa do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

6. A posta en marcha de cada ciclo formativo estará condicionada á existencia dun número mínimo de 10 alumnos e alumnas, non cuantificándose para estes efectos o alumnado repetidor. Calquera modificación deste límite requirirá autorización previa e expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Disposición derradeira.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2011.

José Luis Mira Lema

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO GRAO MEDIO DAS ENSEINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED511D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
DATA DE NACEMENTO	SEXO	ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)	
PROVINCIA	CONCELLO		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

EXPÓN: que cumpre o requisito de acceso (marque cun X a opción correspondente)

- Directo por:

1.- Bacharelato, modalidade de artes ou bacharelato artístico experimental.

2.- Técnico dunha familia profesional relacionada ou cursos de comúns de artes aplicadas e outros oficios artísticos.

3.- Técnico superior de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada ou título equivalente.

4.- Título superior de artes plásticas, deseño ou conservación e restauración de bens culturais.

5.- Arquitecto ou licenciado en belas artes ou enxeñeiro técnico en deseño industrial.

- Mediante proba:

6.- Proba específica.

7.- Proba de acceso (parte xeral e parte específica).

Achega a seguinte documentación acreditativa (fotocopia cotexada)

Título (casos 1, 2, 3, 4 e 5 do acceso)

Certificado académico en que conste o depósito do título (casos 1, 2, 3, 4 e 5 do acceso)

Título de bacharelato Lei orgánica 2/2006 ou título equivalente (casos 1, 2, 3, 4 e 5 do acceso)

Certificado de proba de acceso ao ciclo formativo (caso 6 do acceso)

SOLICITA: ser admitido/a para o curso escolar _____ como alumno/a para cursar, por orde de preferencia, os estudos seguintes (1):

CENTRO EDUCATIVO	CICLO FORMATIVO/ MÓDULO SOLTTO	LOCALIDADE (provincia)

(1) A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as, non cuantificándose para estes efectos o alumnado repetidor.

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé da solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 25 de xuño de 2007 pola que se regula o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño. - Resolución do 10 de maio de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2011-2012.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ _____ _____ REVISADO E CONFORME _____ _____ _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE _____ Lugar e data _____, de _____ de 2011	Director/a do centro _____ Denominación do centro en que presenta a solicitude de admisión (o elixido en 1º opción) _____	

CVE-DOG: 02750fe2-b7ac-4a21-85d1-0688be2b2f70



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO GRAO SUPERIOR DAS ENSEINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED511D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/DA SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
DATA DE NACEMENTO	SEXO	ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)	
PROVINCIA	CONCELLO		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

EXPÓN: que cumpre o requisito de acceso (marcar cun X a opción correspondente)

- Directo por:

- 1.- Bacharelato, modalidade de artes ou bacharelato artístico experimental.
- 2.- Técnico superior de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada ou título equivalente.
- 3.- Título superior de artes plásticas, deseño ou conservación e restauración de bens culturais.
- 4.- Arquitecto ou licenciado en belas artes ou enxeñeiro técnico en deseño industrial.

- Mediante proba:

- 5.- Proba específica.
- 6.- Proba de acceso (parte xeral e parte específica).

Xunta a seguinte documentación acreditativa (fotocopia cotexada)

- Título (casos 1, 2, 3 e 4 do acceso)
- Certificado académico en que conste o depósito do título (casos 1, 2, 3 e 4 do acceso)
- Título de bacharelato LOXSE (caso 5 do acceso)
- Certificado da proba de acceso ao ciclo formativo (caso 5 do acceso)

SOLICITA: ser admitido/a para o curso escolar _____ como alumno/a para cursar, por orde de preferencia, os estudos seguintes (1):

CENTRO EDUCATIVO	CICLO FORMATIVO/ MÓDULO SOLTO	LOCALIDADE (provincia)

(1) A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as, non cuantificándose para estes efectos o alumnado repetidor.

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé da solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 25 de xuño de 2007 pola que se regula o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

- Resolución do 10 de maio de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2011-2012.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

, de de 201

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Director/a do centro

Denominación do centro en que presenta a solicitude de admisión (o elixido en 1ª opción)



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO III

I. Proba de madurez dos ciclos formativos de grao medio das familias profesionais de artes plásticas e deseño.

A proba de acceso constará de dúas partes:

- Primeira parte:

- Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre lingua galega a partir dun texto escrito.
- Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre lingua castelá a partir dun texto escrito.
- Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen referidas a contidos socioculturais.
- Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen referidas a contidos científico-tecnolóxicos.

Nestes exercicios valoraranse a madurez e o nivel de coñecementos sobre estas áreas propias do currículo da educación secundaria obrigatoria. Cumprirá seleccionar tres das devanditas materias e desenvolver por escrito unha cuestión de entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas.

- Segunda parte:

- Educación plástica e visual: realización, durante un tempo máximo de tres horas, dun exercicio de composición de libre interpretación e técnica, baseado nun modelo proposto.

II. Proba de madurez dos ciclos formativos de grao superior das familias profesionais de artes plásticas e deseño.

A proba de acceso constará de dúas partes:

- Primeira parte:

Versará sobre as materias comúns propias do currículo do bacharelato.

- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Lingua estranxeira (inglés ou francés).
- Historia de España.
- Filosofía e cidadanía.

- Historia da filosofía
- Ciencias para o mundo contemporáneo

Cumprirá seleccionar tres das devanditas materias e desenvolver por escrito unha cuestión entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas. O tempo máximo para a súa realización será de tres horas. Nestes exercicios valoraranse a madureza e o nivel de coñecementos sobre estas áreas propias do currículo de bacharelato, o grao de madureza da persoa aspirante en canto á correcta comprensión de conceptos, a utilización da lingua-xe e a capacidade de análise e de síntese.

- Segunda parte:

- Historia da arte.

ANEXO IV

I. Proba específica para o acceso a ciclos formativos de grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

- a) Primeiro exercicio: proba escrita.

Desenvolvemento, nun tempo máximo dunha hora, dun tema proposto nun texto sobre artes plásticas e coñecementos histórico-artísticos. Neste exercicio valoraranse as capacidades lingüísticas e os coñecementos histórico-artísticos.

- b) Segundo exercicio: realización.

Realización, nun tempo máximo de dúas horas, de debuxos e bosquexos sobre un tema proposto para a súa aplicación posterior. Neste exercicio valoraranse as destrezas específicas e as capacidades de observación, percepción e aptitude para os estudos concretos das distintas familias profesionais.

- c) Terceiro exercicio: execución.

Execución durante un tempo máximo de dúas horas, cos bosquexos e debuxos realizados no exercicio segundo. Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/da aspirante, o sentido do espazo, a composición e a predisposición para os estudos concretos das distintas familias profesionais.

II. Proba específica para acceso a ciclos formativos de grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

- a) Primeiro exercicio: proba escrita.

Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, de temas propostos nun texto ou por medio de documentación gráfica relacionados coas artes plásticas.

Valoraranse as capacidades lingüísticas e os coñecementos histórico-artísticos.

b) Segundo exercicio: realización.

Realización, durante un tempo máximo de dúas horas, de bosquejos e debuxos sobre un tema proposto que servirán de base para a posterior realización. Valoraranse as destrezas, as habilidades, capacidades de percepción, de observación e de aptitude, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos correspondentes á familia profesional.

c) Terceiro exercicio: execución.

Execución, durante un tempo máximo de dúas horas, do xeito que determine o tribunal, cos bosquejos realizados no exercicio anterior, dun traballo relacionado co ciclo a que o alumno ou alumna aspira a acceder. Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/da aspirante, o sentido do espazo e a capacidade compositiva, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos correspondentes á familia profesional.

ANEXO V

Composición dos tribunais avaliadores para o acceso a ciclos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

I. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Pablo Picasso, na Coruña.

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Gerardo Martínez García	Presidente	José Luis Torres Padín
Vogal 1º	Inmaculada Souto Feijóo	Vogal 1º	Francisco Javier Gómez Sánchez
Vogal 2º	Ángel Cao Quelle	Vogal 2º	Francisco Javier López Vila
Vogal 3º	Juan Antonio Martínez Lage	Vogal 3º	Beatriz García Trillo
Vogal 4º	Miguel Alonso Oural	Vogal 4º	M.ª Carmen Serantes López

II. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Mestre Mateo, en Santiago de Compostela.

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Marcos Vilariño Cabezas	Presidenta	Carmen Olga Toribio Redondo
Vogal 1º	Severo Cebeiro Santiso	Vogal 1º	Eugenia Grande Rúa
Vogal 2º	Amador Seoane Pardo	Vogal 2º	Manuel Pereira Calvo
Vogal 3º	Isabel Cobreiro Mosquera	Vogal 3º	Laura García Agra
Vogal 4º	María Eloisa Enríquez Morales	Vogal 4º	Elena Carpintero Troncoso

III. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Ramón Falcón, en Lugo.

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidenta	Aida Fernández Carreira	Presidente	Germán Álvarez Refojo
Vogal 1º	Dolores de Las Cuevas Revilla	Vogal 1º	Ramón Cabarcos Rodríguez
Vogal 2º	Francisco Fernández Ares	Vogal 2º	Elena Sánchez Pendás
Vogal 3º	Ángela Morales Polo	Vogal 3º	Noelia Pardo Fernández
Vogal 4º	Cristóbal Novoa Fernández	Vogal 4º	Gonzalo Velasco Vieiro

IV. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Antonio Faílde, en Ourense.

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Néstor Martín Gulías	Presidenta	Ofelia Cardo Cañizares
Vogal 1º	Miguel Ángel Mantilla González	Vogal 1º	José Luís Casas Fernández
Vogal 2º	M.ª Dolores Luz Peláez Rivero	Vogal 2º	Juan Carlos Garrido Álvarez
Vogal 3º	Armando García Ferreiro	Vogal 3º	Javier Fernández Alonso
Vogal 4º	Francisco Javier Rodríguez López	Vogal 4º	José Antonio Corral Sousa

V. Tribunais avaliadores das probas de acceso ás ensinanzas profesionais de grao superior, que actuarán na EASD Mestre Mateo, en Santiago de Compostela.

VI. Tribunal avaliador das probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior: ilustración, arquitectura efémera, proxectos e dirección de obras de decoración, xoiaría artística, modelismo da indumentaria e estilismo da indumentaria.

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Jorge López Lafuente	Presidente	Alberto Urrutia Salgado
Vogal 1º	Mario García Herradón	Vogal 1º	Ana González Orrio
Vogal 2º	José Luís García-Boente Carro	Vogal 2º	Ángel Rodríguez Cobas
Vogal 3º	Javier Fernández Alonso	Vogal 3º	Manuel Antonio García Freire
Vogal 4º	Esperanza Merino Álvarez	Vogal 4º	Nely Rial Verde

VII. Tribunal avaliador das probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior: fotografía artística, cerámica artística, gravado e técnicas de estampación, artes aplicadas da escultura e gráfica publicitaria.

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidenta	Rosa Millares Parada	Presidente	Rafael Romero Masía
Vogal 1º	Andrés Etxeita Costales	Vogal 1º	Eugenia Grande Rúa
Vogal 2º	M.ª Concepción Viñas González-Zaera	Vogal 2º	José Antonio Rey Díaz
Vogal 3º	José Fontal Álvarez	Vogal 3º	M.ª Dolores de Las Cuevas Revilla
Vogal 4º	Gonzalo Varela Díaz	Vogal 4º	Concepción Salgado Fernández